

A Consellería de Sanidade dá un paso máis na súa intención de eliminar moitos dos aspectos recollidos no plan mellora de atención primaria. Desta volta tócalle á central de chamadas. Lembrar que a central de chamadas foi unha iniciativa sindical de CIG-Saúde, dirixida a mellorar a calidade da cita previa na atención primaria.

A posición de CIG-Saúde sobre as centrais de chamadas foi clara dende o principio nas discusións nos grupos de traballo do plan de mellora: "Defendemos a creación de centrais de chamadas para que permitiran descargar unha parte das citas telefónicas das áreas administrativas dos servizos e unidades de atención primaria, para que o persoal desta área poidese desenvolver as novas tarefas administrativas que foran xurdindo; sempre con persoal estatutario integrado no SERGAS, e coa gratuidade da chamada telefónica".

Coa volta atrás da Central de Chamadas, este persoal volve a ter as tarefas anteriores á creación da central máis as novas tarefas engadidas a posteriori. CIG-Saúde solicita da consellería de sanidade o mantemento da central de chamadas, xa que a medida adoptada só vai bloquear a cita previa na atención primaria.

CIG-Saúde defende unha Central de Chamadas pública e con persoal estatutario

[Descarga, imprime e reparte no teu centro de traballo](#)

